Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: OSI81C59RTHE8GO1IHMBFDLJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/11/2026 13:34:32 Página 1 de un total de 7 página(s).

ANEXO III Referencia convocatoria: 2026/CP/265

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: CENTRO MIXTO DE INVESTIGACIÓN UDC NAVANTIA (CÓDIGO IN853C2025/03) Título: O ESTALEIRO DO FUTURO Cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa Galicia FEDER 2021-2027. Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: **MINARÍA DE PROCESOS PARA A TOMA DE DECISIÓNS MEDIANTE ML/IA**
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01 DE ABRIL DE 2026 FIN: 30 DE SETEMBRO DE 2028
CENTRO Inv. Principal: ESCOLA POLITÉCNICA DE ENXEÑARÍA DE FERROL / FACULTADE DE INFORMÁTICA DA CORUÑA
OBXECTO DO CONTRATO: VER MEMORIA DA CONVOCATORIA ANEXA Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.
LUGAR E HORARIO: INSTALACIÓNS CEMI UDC – NAVANTIA EDIFICIO DE BATALLÓNS (Ferrol), de luns a venres de 9:00 a 14:00 e de 16:00 a 18:00
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: I
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC) Investigador/a contratado/a doutor/a ☐ Axudante de apoio á investigación ☐ Xestor/a de investigación ☐ MECES Elixir Técnico/a administrativo/a e de xestión ☐ Colaborador/a de investigación ☒ MECES 2 Axudante administrativo/a ☐ Técnico/a de apoio á investigación ☐ MECES Elixir

XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01 de xaneiro de 2027

TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☐	Duración determinada ☒ DATA FIN CONTRATO: 15 de marzo de 2028
RETRIBUCIÓNS BRUTAS: 2.057,14€ (2.400,00 con pagas extra) €/mes*	
PARTIDA ORZAMENTARIA:	

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: VER MEMORIA DA CONVOCATORIA ANEXA
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC. Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): TITULARES: Pablo Fariñas Alvariño (CO-IP-UDC/Secretario), Tiago Manuel Fernández Caramés (CO-IP-UDC/Presidente), Abraham Prieto (Co-coordinador UDC). SUPLENTES: Jerónimo Puertas Agudo (Vicerreitor de Investigación e Transferencia), José Anta Álvarez (Adxunto a Transferencia), Diego Crespo Pereira (Investigador UDC).
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPD (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art, 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación do tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

Ferrol, 06 de novembro de 2026
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL
Asdo.: Pablo Fariñas Alvariño

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: OSI81C59RTHE8GO1IHMBFDLJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/11/2026 13:34:32 Página 2 de un total de 7 página(s).

MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

O presente contrato convócase ao amparo do proxecto Centro Mixto de Investigación "O estaleiro do futuro" (en diante, CEMI), no que participan a Universidade da Coruña e as empresas STGO e Navantia.

O obxecto do presente contrato é a colaboración nas actividades de investigación que se leven a cabo dentro do CEMI.

Descríbense a continuación os requisitos a cumprir pola persoa contratada.

- REQUISITOS XERAIS

  1. Todas as persoas solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato:

     a) Ter nacionalidade española ou calquera outra á que as normas do Estado atribúan iguais dereitos para os efectos laborais na Administración pública.

     b) Dispor da titulación requirida e cumprir o resto de requisitos indicados na convocatoria.

     c) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

     d) Posuír a capacidade funcional necesaria para desenvolver as correspondentes funcións ou tarefas descritas na memoria

     e) Non ter sido separada a persoa solicitante mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban, en que a dita persoa fora separada ou inhabilitada.

     No caso de ser nacional doutro Estado, requirirase que a persoa solicitante non estea inhabilitada ou en situación equivalente, nin que fose sometida a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

  2. A contratación de persoas estranxeiras de países non comunitarios, que se formalizará para os únicos efectos de realizar tarefas de investigación ou técnicas, requirirá a presentación, no momento de asinar o contrato, do permiso de residencia e da autorización de traballo por conta allea ou da acreditación da concorrencia de causa de excepción da dita autorización, de acordo coa Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e disposicións regulamentarias de aplicación.

- TITULACIÓN REQUIRIDA

  Titulación universitaria oficial de Enxeñaría, Licenciatura, Grao ou equivalente.

- TAREFAS A REALIZAR E OBXECTO DO CONTRATO

  As principais tarefas da persoa contratada estarán relacionadas co desenvolvemento, a análise e a integración de modelos e ferramentas de Intelixencia Artificial aplicados á análise de procesos industriais, monitorización, predición, simulación, optimización e soporte á toma de decisións, no contexto das liñas de investigación do CEMI/Navantia.

  En particular, as tarefas poderán incluír a análise e o tratamento de datos industriais, rexistros de operación, series temporais, información procedente de sensores e outras fontes heteroxéneas; o desenvolvemento e a avaliación de

<u>Documentación que debe presentar a persoa solicitante:</u>

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: OSI81C59RTHE8GO1IHMBFDLJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/11/2026 13:34:32 Página 3 de un total de 7 página(s).

modelos de Machine Learning/Deep Learning para a identificación de patróns, predición, diagnóstico e detección de anomalías; o estudo de modelos híbridos, modelos subrogados e xemelgos dixitais para a representación e simulación de procesos industriais; o desenvolvemento e a integración de ferramentas de simulación, análise de escenarios, planificación e optimización de operacións; e a exploración de solucións baseadas en LLMs, axentes intelixentes, RAG, APIs ou fluxos multiaxente cando acheguen valor á integración de información, automatización de tarefas, interacción coas persoas usuarias ou apoio á toma de decisións.

Así mesmo, a persoa contratada participará no desenvolvemento de prototipos e casos de uso aplicados, integración de datos e modelos con sistemas industriais e plataformas de información, deseño de experimentos, avaliación e validación de resultados, documentación técnica, entregables do proxecto e, de ser o caso, publicacións científicas vinculadas ás liñas de investigación.

- DURACIÓN DO CONTRATO

  O contrato será de duración definida, segundo o financiamento e a lexislación aplicable. A finalización do proxecto CEMI está prevista para o 30 de setembro de 2028.

- CRITERIOS DE SELECCIÓN

  Valorarase positivamente ter cursado titulacións oficiais ou formación específica en áreas relacionadas co obxecto da praza, incluíndo Intelixencia Artificial, Informática, Ciencia de Datos, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría Informática, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Naval, Robótica, Organización Industrial, Investigación Operativa, Matemáticas, Física ou outras áreas científico-tecnolóxicas afíns.

  Igualmente, valorarase positivamente a experiencia previa e a formación específica (cursos, seminarios, proxectos académicos, técnicos ou persoais documentados mediante memoria, repositorio, certificado, informe ou documentación equivalente) en:

  - Machine Learning, Deep Learning, modelos preditivos, clasificación, detección de anomalías e análise estatística de datos.
  - Programación en Python e uso de librarías ou frameworks como PyTorch, TensorFlow, Keras, scikit-learn, pandas, NumPy, matplotlib, OpenCV, SimPy ou outros equivalentes.
  - Preparación, tratamento e análise de datos, series temporais, redución de dimensionalidade, enxeñaría de características, adestramento e validación de modelos.
  - Simulación de procesos industriais, simulación de eventos discretos, xemelgos dixitais, modelos subrogados, sistemas ciberfísicos, análise de escenarios e aproximación de simuladores.
  - Minaría e análise de procesos, monitorización de operacións, predición de eventos, planificación, programación de operacións, investigación operativa e optimización.
  - Automatización industrial, robótica, sensorización, sistemas IoT/IIoT, comunicación industrial, adquisición de datos, integración de sistemas e plataformas MES/ERP/SCADA.
  - Arquitecturas software, bases de datos relacionais e de series temporais, APIs, visualización de datos, interfaces de usuario e ferramentas de integración.
  - LLMs, axentes intelixentes, RAG, modelos xerativos, embeddings, bases vectoriais, automatización de workflows, LangChain, LangGraph, n8n ou ferramentas similares.
  - Sistemas intelixentes, visión por computador, aprendizaxe por reforzo, modelos híbridos, Scientific Machine Learning e aplicacións industriais da IA.

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: OSI81C59RTHE8GO1IHMBFDLJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/11/2026 13:34:32 Página 4 de un total de 7 página(s).

Os méritos alegados polas persoas participantes terán que acreditarse documentalmente e cumprirse ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

Só se valorarán os méritos relacionados co perfil da praza.

A praza quedará deserta se ningunha persoa candidata acada un mínimo de 30 puntos conforme ao seguinte baremo. Este mínimo será tamén aplicable para formar parte da listaxe de agarda.

- **Titulación requirida: ata 20 puntos.** Avaliarase a nota media da titulación requirida para optar á praza (por exemplo, nota media do grao ou equivalente).
  - Nota media expediente académico: 10 ---- 20 puntos
  - Nota media expediente académico: 9 ---- 18 puntos
  - Nota media expediente académico: 8 ---- 16 puntos
  - Nota media expediente académico: 7 ---- 14 puntos
  - Nota media expediente académico: 6 ---- 12 puntos
  - Nota media expediente académico: 5 ---- 10 puntos

  As titulacións en Enxeñaría, Informática, Intelixencia Artificial, Ciencia de Datos, Enxeñaría Industrial, Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática, Enxeñaría Informática, Enxeñaría de Telecomunicación, Enxeñaría Naval, Robótica, Organización Industrial, Investigación Operativa, Matemáticas, Física ou outras áreas científico-tecnolóxicas afíns considerararanse relacionadas co perfil da praza e valoraranse integramente conforme á súa nota media.

  Se a titulación achegada pertence a calquera outro ámbito, valorarase co 5 % da cualificación obtida conforme á súa nota media.

- **Formación específica adicional relacionada co perfil da praza: ata 25 puntos.** Valorarase a formación específica adicional en Intelixencia Artificial, Machine Learning, Deep Learning, análise de datos, simulación, xemelgos dixitais, modelos preditivos, modelos subrogados, automatización industrial, robótica, sistemas IoT/IIoT, minaría de procesos, investigación operativa, optimización, LLMs/axentes, enxeñaría de datos, integración de sistemas ou áreas relacionadas.
  - Mestrado oficial finalizado relacionado co perfil da praza: ata 15 puntos.
  - Mestrado oficial en curso relacionado co perfil da praza: proporcionalmente ata 15 puntos, valorándose proporcionalmente segundo a relación entre créditos superados e créditos totais do mestrado.
  - Cursos, seminarios ou formación específica adicional relacionada co perfil da praza: 1 punto por cada 25 horas acreditadas, ata un máximo de 5 puntos.
  - Nivel de inglés acreditado: nivel B ou equivalente, 2 puntos; nivel C ou equivalente, 5 puntos.

  A puntuación do mestrado calcularase como 1,5 veces a nota media (sobre 10) para titulacións relacionadas co perfil da praza; para outras titulacións aplicarase o 5 % desa puntuación. No caso dun mestrado en curso, multiplicarase pola proporción de créditos superados. Non se valorará como formación adicional unha titulación empregada como requisito de acceso.

  En ningún caso a suma dos méritos deste apartado poderá superar os 25 puntos.

- **Experiencia específica relacionada co perfil da praza: ata 20 puntos.** Valorarase a experiencia en postos

<u>Documentación que debe presentar a persoa solicitante:</u>

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: OSI81C59RTHE8GO1IHMBFDLJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/11/2026 13:34:32 Página 5 de un total de 7 página(s).

previos, contratos, prácticas, proxectos de I+D, proxectos académicos, proxectos técnicos, proxectos con empresas ou proxectos persoais documentados relacionados co obxecto do contrato.

- Experiencia previa en postos, contratos ou prácticas relacionados con Intelixencia Artificial, análise de datos, desenvolvemento de software, modelos preditivos, automatización industrial, robótica, sistemas IoT, simulación, xemelgos dixitais, investigación operativa, optimización, sistemas industriais ou áreas afíns: 2 puntos por mes traballado, ata un máximo de 15 puntos.
- Experiencia previa en unidades mixtas de investigación formadas por empresas e organismos de investigación, centros tecnolóxicos, proxectos con empresa ou contornas de transferencia tecnolóxica: 1 punto por mes traballado, ata un máximo de 10 puntos.
- Participación en proxectos de I+D relacionados co obxecto da praza: 5 puntos por proxecto europeo, 4 puntos por proxecto estatal e 3 puntos por proxecto autonómico ou rexional, ata un máximo de 10 puntos.
- Proxectos académicos, técnicos ou persoais documentados e relacionados co perfil da praza, incluíndo desenvolvemento de software, modelos de IA, análise de datos, simulación, xemelgos dixitais, sistemas industriais, optimización, minaría de procesos, LLMs/axentes, visión por computador ou modelos preditivos: ata 5 puntos.

En ningún caso a suma dos méritos deste apartado poderá superar os 20 puntos.

- **Experiencia en publicacións científicas e produción investigadora: ata 10 puntos.** Só se valorarán as publicacións, comunicacións ou produción científico-técnica relacionadas co tema obxecto da praza.
  - A ponderación das publicacións será, para artigos en revistas con JCR, de 5 puntos por artigo Q1, 4 por Q2, 3 por Q3 e 2 por Q4, e de 1 punto para artigos en revistas con outros índices de calidade, SJR, comités, congresos relevantes para a praza ou outros equivalentes.

- **Entrevista persoal: ata 25 puntos.** Valorarase a adecuación do currículum vitae ao posto de traballo conforme aos seguintes apartados:
  - Motivación, interese pola investigación aplicada e adecuación ás liñas de traballo da praza: ata 5 puntos.
  - Capacidade para explicar traballos previos, proxectos técnicos, decisións metodolóxicas, resultados e limitacións: ata 5 puntos.
  - Coñecementos e razoamento técnico en programación, Machine Learning, análise de datos, desenvolvemento e avaliación de modelos: ata 5 puntos.
  - Potencial para traballar en problemas de simulación, análise de procesos, xemelgos dixitais, predición, optimización, integración de ferramentas e soporte á toma de decisións: ata 5 puntos.
  - Autonomía, capacidade de aprendizaxe, comunicación, documentación do traballo e adaptación a unha contorna de investigación aplicada e colaboración entre liñas do CEMI/Navantia: ata 5 puntos.

Entrevistarase as persoas candidatas con maior puntuación nos apartados anteriores que obtivesen un mínimo de 5 puntos, sen incluír a entrevista. Entrevistarase unicamente as tres primeiras persoas candidatas conforme a dita prelación.

A non presentación á entrevista será causa de exclusión da persoa candidata convocada. As persoas candidatas serán convocadas para a entrevista con, polo menos, 48 horas de antelación.

Documentación que debe presentar a persoa solicitante:

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: OSI81C59RTHE8GO1IHMBFDLJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/11/2026 13:34:32 Página 6 de un total de 7 página(s).

Cando a valoración dos aspirantes, de acordo cos criterios anteriores, supoña que dous ou máis aspirantes obteñan a mesma puntuación, o empate desfarase por antigüidade dos méritos aportados. A estes efectos, os méritos aportados polos aspirantes serán ordenados por orde cronolóxica, dando prioridade aos méritos máis antigos. En primeiro lugar, e unicamente para os efectos deste desempate, asignarase un punto a cada un dos méritos aportados por cada aspirante. Sen embargo, para cada un dos apartados de méritos sinalados na convocatoria, os méritos aportados no último lugar cronolóxicamente (i.e., os méritos máis recentes), serán avaliados con cero puntos.

A listaxe de agarda incluirá as persoas candidatas non seleccionadas ordenadas de acordo coa orde de puntuación dos criterios anteriores, sen ter en conta a puntuación asignada á entrevista persoal. O criterio para poder formar parte da listaxe de agarda será ter superado a puntuación mínima establecida nesta convocatoria para non deixar a praza deserta.

Ferrol, 06 de novembro de 2026
O CO-INVESTIGADOR PRINCIPAL

Pablo Fariñas Alvariño

<u>Documentación que debe presentar a persoa solicitante:</u>

1. Fotocopia do documento de identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.
4. Declaración responsable de que se cumpren os requisitos da convocatoria.
5. Declaración responsable da veracidade dos datos que se fan constar na solicitude.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: OSI81C59RTHE8GO1IHMBFDLJ
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 13/11/2026 13:34:32 Página 7 de un total de 7 página(s).